

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/39	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de outubro de 2025
Duración	Dende as 13:44 ata as 13:51 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 10.10.2025****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 10 de outubro de 2025.

Expediente 1633/2025. Solicitude de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 15 de outubro , no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a un usuario de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de rúa, e precisa cubrir necesidades básicas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento de dúas facturas de dietas.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Restauración Casas Novas 2025 s.l.. , correspondendo coas facturas número F000101-51 e F000101-54 por un importe de 15 € cada unha (total 30 €).

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1335/2025. Contratacións. “ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de contar con material deportivo para o Concello de Silleda, co obxectivo de fomentar a práctica do deporte ao aire libre entre a infancia e a mocidade, así como renovar equipamentos existentes que se atopan deteriorados polo uso continuado e o paso do tempo dos dous recintos deportivos municipais con maior número de persoas usuarias

Vista a concesión da SUBVENCIÓN pola Deputación de Pontevedra (Expediente 2025045374) ao abeiro da convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023, por importe de 24.693,07€

Vista a memoria xustificativa(desagregada) para a subministración de material que obra no

expediente.

Visto que o valor estimado do contrato ascende a 20.407,50 euros, podendo acudir ó procedemento aberto simplificado abreviado.

Visto o acodo da Xunta de Goberno Local de data 26 de agosto de 2025, no que se da inicio ó presente expediente.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas particulares e de prelacións técnicas.

Visto o informe xurídico asinado o 08 de setembro de 2025.

Visto o informe de intervención asinado o 08 de setembro de 2025.

Vista a aprobación do expediente de contratación e a licitación realizada que conclúe na acta final da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“Expediente: 1335/2025

Asunto: “CONTRATO DE SUBMINISTRO DENOMINADO: “**ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO**” A ADXUDICAR POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, a 17 de outubro de 2025 ás 9:00 horas.

Tipo de contrato: Contrato de Subministro.

Forma de adxudicación: Procedemento aberto simplificado abreviado.

Obxecto do contrato: **CONTRATO DE SUBMINISTRO DENOMINADO: “ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO” A ADXUDICAR POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO.”**

Membros asistentes:

PRESIDENTA

D. Paula Mª Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquera tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación, deixando as decisións a criterios técnicos exclusivamente.

VOCALIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación, asiste de maneira telemática.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación.

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación.

A Mesa válidamente constituída e declara admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L.	B36456796
URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.	B44952430

Na sesión celebrada o 24 de setembro de 2025, revisada a documentación de ámbolos dous licitadores, e visto que se observan distintas deficiencias no tocante ás fichas técnicas esixidas, a Mesa de contratación acordou requirir aos licitadores o seguinte:

-A presentación das fichas técnicas ofertadas debe corresponderse ao contido no Prego de Prescricións Técnicas

-Outorgar un prazo de 3 días hábiles dende a recepción de dito requirimento, tal e como establecen os Pregos de Condicións Administrativas.

Os licitadores presentan o requirido o 26 de setembro de 2025:

-Urbanismo Técnico Sostenible, S.L., rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1750

-Suministro Integral del Agua S.L., rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1751.

Figura no expediente informe de Don Francisco Javier Gómez Rey no que se realiza a comparativa das fichas técnicas aportadas polos licitadores, o seu contido recóllese a continuación:

“Informe Comparativo – Subministro de Material Deportivo

Obxecto: Avaliación comparativa das propostas técnicas presentadas por dúas empresas en relación co Prego de Prescricións Técnicas do Concello de Silleda.

Documentación analizada:

- PPT CORREGIDO.pdf – Prego de prescricións técnicas.
- FICHAS TÉCNICAS Sumi Agua.pdf – Empresa A.
- FICHAS TÉCNICAS Urbanismo Técnico Sostible.pdf – Empresa B.

Porterías combinadas Fútbol Sala/Balonmán + Canastra Basket

Ambas empresas cumpren coas dimensións regulamentarias e incorporan canastra a 3,05 m..

Canastra de baloncesto exterior

Ambas cumpren cos requisitos de altura, estrutura metálica e taboleiro antivandálico.

Redes de protección campo de fútbol

O prego esixe malla 10x10 cm, espesor 3 mm, material polipropileno/polietileno. A empresa A axústase exactamente a estas condicións, mentres que a empresa B emprega nylon

Redes protección cancha multideporte

Requírese malla 45x45 mm, espesor 3,5 mm e cor verde. A empresa A cumpre integramente estes

parámetros, mentres que a empresa B ofrece espesor 3 mm e cor opcional.

Bancos e percheiros para vestiarios

Ambas propostas cumpren cos requisitos de estrutura metálica e asento fenólico.

Conclusión

Tras a análise comparativa das fichas técnicas presentadas, conclúese que a Empresa A cumpre de maneira íntegra e exacta coas especificacións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas.

Pola súa parte, a Empresa B presenta desviacións respecto aos parámetros requiridos, especialmente no tipo de material e no espesor das redes polo que non se axusta completamente ao contido do prego.”

A vista do informe, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros propón **EXCLUÍR** ó licitador **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con CIF B44952430**, por non presentar una oferta axeitada ó solicitado nos pregos que rexen esta contratación.

A Mesa de contratación procede á lectura da oferta económica do licitador que continua no proceso de contratación co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE (€)	IVE (€)	PREZO TOTAL	MELLORA GARANTÍA
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L.	17.607,00	3.697,47	21.304,47	4 ANOS (4 x 3,75=15)

A puntuación, tras a exclusión do licitador **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con CIF B44952430**, quedaría da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L.	85,00	15,00	100

A mesa de contratación na última sesión celebrada, por unanimidade dos seus membros acordou:

“PRIMEIRO.- Propón ó órgano de contratación **EXCLUÍR** ó licitador **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con CIF B44952430**, por non presentar una oferta axeitada ó solicitado nos pregos que rexen esta contratación.

SEGUNDO.- Non procede a clasificación das ofertas presentadas por orde decrecente porque únicamente constaría unha oferta válida.

TERCEIRO.-Requirir á licitadora **SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. con N.I.F. B36456796**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato subministro denominado **“ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO”** para que, dentro do prazo de **7 días hábiles**, a contar

dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, do Anexo I do PCAP.”

A licitadora presenta a documentación requirida o 14 de outubro de 2025 con rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1881.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

PRIMEIRO.- EXCLUÍR ó licitador **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con CIF B44952430**, por non presentar una oferta axeitada ó solicitado nos pregos que rexen esta contratación.

SEGUNDO.- A ADXUDICACIÓN do contrato de subministro denominado **“ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO”** a:

- **SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. con N.I.F. B36456796**, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 09:30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente, e dou fe.

O Secretario
David García Lareo

A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe fase D asinado o 17 de outubro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación de **EXCLUIR** á empresa licitadora **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con CIF B44952430**, por non presentar unha oferta axeitada ó solicitado nos pregos que rexen esta contratación.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e **ADXUDICAR** á licitadora **SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. con N.I.F. B36456796**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de subministro denominado: **“ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO”**, por importe de 17.607,00 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 3.697,47 euros, totalizándose a oferta en 21.304,47 euros.

Comprometéndose a realización das melloras postestativa recollidas no PCAP sobre:

-**ampliación da garantía en 4 anos adicionais.**

TERCEIRO.- Dispor o gasto por importe de 21.304,47 euros con cargo á aplicación 342-623.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade

co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L.** con N.I.F. **B36456796**, adxudicataria do contrato, indicaráselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

QUINTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 590/2025. Contratacións. REFORMA DE PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a concesión da subvención, ao abeiro do I PLAN EXTRAODINARIO INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, por importe de 130.859,97 € para a REFORMA DE PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA, no que se inclúe o orzamento do proxecto (123.236,97 €) mais 7.623 € correspondentes a redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, pola arquitecta **MARLENE PÉREZ SÁNCHEZ**, e cun presuposto base de licitación de 123.236,97 €

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto que a o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a **acta de trazado previo**, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que , o iniciar o correspondente **expediente de contratación** para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

Visto o certificado de aprobación de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 16 de xuño de 2025.

Visto o informe de intervención asinado o 16 de xuño de 2025.

Vista a probación do expediente de contratación e a licitación realizada que conclúe na acta final

da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 590/2025

**ASUNTO: CONTRATO DAS OBRAS “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA” A
ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.**

Na casa consistorial do Concello de Silleda, a 14 de outubro de 2025 cando son as 10:50 horas,

Tipo de contrato: Contrato de obras.

Forma de adxudicación: Procedemento aberto simplificado.

Obxecto do contrato: **REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA** (Concello de Silleda).

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D. Paula Mª Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquera tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación, deixando en criterios exclusivamente técnicos os acordos adoptados pola mesa de contratación.

VOCAIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación

Na sesión celebrada o 08 de xullo de 2025, a Mesa formalmente constituída, declaraba admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
Depur GM Deseño e Obra S.L.	B94135654
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L	B36431021
SOTEGA NOROESTE SL	B36518231
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	B44952430

Ao non formularse ningunha reclamación, procedeuse á apertura do **“SOBRE A”**, que contén a **DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR.**

Unha vez cualificada a documentación administrativa que as empresas aportan no **“SOBRE A”**, non se observan defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros declaraba **ADMITIDAS** á licitación as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
Depur GM Deseño e Obra S.L.	B94135654
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	B36431021
SOTEGA NOROESTE SL	B36518231
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	B44952430

No mesmo sobre compróbase a documentación técnica que contén os criterios avaliábles mediante xuízo de valor e, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda remitir a documentación técnica incluída no “**SOBRE A**” á redactora do proxecto, **Dona Marlene Pérez Sánchez**, para que nun prazo non superior a **7 días** realice a avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor.

O 22 de xullo de 2025 mediante escrito con rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1370, a redactora do proxecto, **Dona Marlene Pérez Sánchez**, da traslado da valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor, que se transcribe a continuación:

“INFORME DE VALORACIÓN DE OFERTAS

A que suscribe, D^a. Marlene Pérez Sánchez, arquitecta Colexiada Nº 4952 do C.O.A.G., en calidade de técnico autora do “PROXECTO DE REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA” que serve de base para as obras licitadas (EXPTE: 590/2025) e tras ser requerida pola mesa de contratación (constituída o 08/07/2025) para efectuar a avaliación dos criterios que dependen dun xuízo de valor das ofertas presentadas polos diferentes licitadores emito o presente INFORME:

1.- OFERTAS PRESENTADAS

A documentación presentada e avaliáble mediante un xuízo de valor corresponde ás seguintes contratas:

- SOTEGA NOROESTE, S.L.
- NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.
- DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.
- URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.

2.- CRITERIOS DE VALORACIÓN ESTABLECIDOS NO PCAP

No Prego de Cláusulas Administrativas Particulares defínese tanto os criterios de valoración como o sistema de puntuación a empregar tal como sigue:

1. Análise do proxecto e da execución das obras (De 0 ata 13 puntos).

O licitador deberá demostrar que coñece e domina en profundidade o proxecto técnico que serve de base para a licitación axustándose ós requisitos mínimos establecidos. Para elo deberá describir como mínimo os elementos singulares en canto a:

- a. Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 3 puntos.
- b. Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 3 puntos.
- c. Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 3 puntos.
- d. Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, etc). Ata 2 puntos.
- e. Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 2 puntos.

2. Actuación medioambiental (de 0 a 12 puntos), co seguinte desglose:

- a. Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostíbles, reciclados ou reciclables: Ata 2 puntos
- b. Organización física da obra: Ata 2 puntos
- c. A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: Ata 3 puntos.
- d. Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 2 puntos.
- e. Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos.
- f. Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. Ata 1 punto.

A mesa de contratación na valoración de ámbolos dous criterios xustificará que os puntos atribuídos a cada unha das ofertas gardan proporcionalidade co valor económico que ditos puntos representan.

Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada subcriterio dos dous apartados desta memoria técnica aos documentos que se desenvolvan con un alto grado de detalle, coherencia, idoneidade da proposta, coñecemento e adecuación dos estudos presentados aos contidos indicados, co 75 % da puntuación, en liñas xerais, se o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle, co 50 % da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do correspondente apartado é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial, co 25% da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento e non se puntuará no caso de que o contido proposto en cada un dos subcriterios pertencentes ao concemente apartado non se considere acertado así como no suposto de que o licitador non defina o contido do respectivo subcriterio a puntuar.

Por tanto, en base ó recollido neste Prego procédese á efectuar a valoración técnica das propostas presentadas.

3.- VALORACIÓN DE OFERTAS

3.1 ANÁLISE DO PROXECTO E DA EXECUCIÓN DAS OBRAS (De 0 a 13 puntos).

3.1.a.- Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 3 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 0,75 PUNTOS.

- Descríbese a situación actual do inmovible (centrada na pista polideportiva) e propónse a instalación dun pavimento de PVC similar ó de proxecto, pero diferente nalgunhas das súas prestacións, e adxúntanse compromisos das empresas subministradoras do pavimento de PVC, dos focos LED (sen asinar) e do suministro dos bancos de madeira a instalar na pista polideportiva. Non se describe no presente apartado nada referente á “análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares”. En conclusión, este apartado ten un escaso desenvolvemento.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,75 PUNTOS.

- Analízase as obras de proxecto, tanto da pista polideportiva como do local de usos múltiples a reformar, e faise unha relación cos principais provedores de yesos, pintura, cerraxería, pavimentos, materiais de construción, alquileres de medios auxiliares, equipamento deportivo, instalación eléctrica, e renovación da

instalación de pluviais. Non se achegan follas de compromiso.

Adicionalmente analízanse as instalacións auxiliares adaptándoas ás condicións do emplazamento e as condición de almacenamento, indicando a necesidade de contar cun espazo para almacenar o PVC protexido da intemperie ata a instalación.

Trátase dun apartado aceptable pero insuficiente ó definirse de forma parcial (non contén compromisos de suministro).

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 2,25 PUNTOS.

- Aporta unha relación exhaustiva dos suministradores do material previsto no conxunto da obra: zahorra, canalón, prefabricados de formigón, formigón, aceiros, ladrillos, placas de xeso, portas, aillamentos, carpintería metálica, carpintería exterior de aluminio, lámina antiradón, vidrios... etc. incluíndo ademais a relación de suministradores de materiais principais do proxecto como son o pavimento do PVC, o pavimento laminado, equipamento e luminarias. Adicionalmente achega follas de compromiso asinadas polas empresas suministradoras de formigón, material eléctrico, materiais xenéricos de construción, saneamento e ferretería, pavimentos, pintura, e carpintería de aluminio. Non se describe no presente apartado nada referente á "análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares". Considérase un contido presentado de forma axeitada e satisfactoria pero non se define de forma completa.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 3,00 PUNTOS

- Enfatiza a calidade dos materiais a empregar facendo constar os distintivos de calidade que se aportarán para cada unha das unidades, marcados CE así como selos de calidade e medioambientais das empresas suministradoras e subcontratas. Apórtase listado con esta relación. A nivel técnico no tocante á valoración obsérvase que esta trátase dunha esixencia clara recollida na memoria de calidade do proxecto. Seguida desta relación, achega relación das empresas suministradoras de diferentes unidades de obra como o son a iluminación, o pavimento de PVC, formigón, pintural, materiais diversos de construción, pavimento de madeira, bancos, carpintería metálica e canalóns e aporta follas de compromiso de suministro asinadas do pavimento de PVC, formigón e de bancos e pavimento laminado. A maiores detállase a organización e estimación de acopios de material en obra así como das instalacións auxiliares, definindo neste último apartado a superficie requirida e medios. Considérase un contido completo no tocante ó esixido e que se mostra cun grado de detalle suficiente.

3.1.b.- Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 3 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Procédese á análise dos condicionantes da execución de obra e defínense en puntos independentes de accesibilidade, condicionantes derivados do estado actual e uso do edificio, servizos afectados e condicionantes meteorolóxicos. Trala revisión dos mesmos conséntase o coñecemento tanto do proxecto como da zona de actuación, pero bótase en falta un maior detalle nesta análise.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Obsérvase a afección que as obras proxectadas terá sobre os/as usuarios/as do espazo polideportivo, indicando que se procederá coa sinalización, información e avisos sobre a evolución dos traballos. Indícase que se realizarán comprobacións previas e inspección por parte do suministrador do pavimento vinílico e analízase os accesos para maquinaria e suministros. O análise efectuado considérase aceptable pero insuficiente.

- C) DEPUR GM DESEÑO E OBRA, S.L.: 3,00 PUNTOS.

- *Distínguense e analízase de xeito exhaustivo as afeccións ó territorio, a servizos existentes e ás persoas. Cada un destes apartados reúne un elevado grado de detalle e propoñendo solución para minimizar as mesmas na medida do posible. No tocante ás afeccións ó territorio identifícase a posible simultaneidade do inicio das obras co inicio do curso escolar ou do uso da piscina, propoñendo solucións e sistemas de organización para os traballos de demolición e retirada de elementos con xeración de ruído e polvo maior, definindo un horario para os mesmos e analizando de xeito aillado o impacto e estratexias de mitigación para a xeración de residuos, ruído e vibracións, emisións de polvo ou gases, consumo de recursos naturais... etc. No tocante as afeccións a servizos existentes obsérvase que se prevé que esta sexa mínima pero analízanse do mesmo xeito tanto os posibles impactos como estratexias de mitigación. No tocante ás afeccións ás persoas identifícase aquelas que poden afectar ós/ás usuarios/as do centro, propoñendo que se poida simultaneizar a práctica deportiva coas diferentes fases de obra, e no tocante ás afeccións ós/ás traballadores/as defínense os medios auxiliares específicos, protección colectiva e individual así como un sistema de seguimento da aplicación do plan de seguridade. Adicionalmente efectúase unha análise ante emerxencias e medidas a adoptar. Considérase que o apartado se resolve de xeito extenso e con un alto grado de detalle, coherencia e idoneidade.*

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,50 PUNTOS

- *Analízanse as afeccións das obras sobre os servizos existentes e usuarios/as, identificando a estes últimos como a única afección. En base a este análise plantéxase minimizar a afección do uso da pista polideportiva, propoñendo que a substitución de luminarias e instalación do pavimento (un dos maiores condicionantes para o uso das instalacións) se efectúe á maior brevedad posible. Adicionalmente menciona actuacións de "seguimento e control" e de "sinalización informativa". Considérase que o apartado se desenvolve de xeito aceptable pero insuficiente.*

3.1.c.- Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 3 puntos

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- *Analízanse os traballos a executar de xeito estruturado definíndoos a través das seguintes partidas: traballos previos e demolición, cubertas, revestimentos e acabados da zona polivalente, pavimento de pista deportiva, instalacións. En cada apartado efectúanse diferentes observacións relativas ós condicionantes de execución. Adicionalmente apórtase un listado dos medios precisos para a execución e para garantir a calidade e o cumprimento de prazos. A proposta é descriptiva e aceptable pero considérase insuficiente.*

- B) NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,75 PUNTOS.

- *Defínense os diferentes traballos a executar establecendo unha orde de execución e facendo fincapé na organización da obra. Para isto comézase definindo as actuacións a levar a cabo na fase de implantación e a esta sigue a definición das seguintes fases. Todas elas defínense con prazos de execución. Non obstante, obsérvase a execución de obras non previstas no proxecto redactado como o pulido previo da pista para mellorar a adherencia do soporte e a execución dun acabado autonivelante para posterior colocación do pavimento de PVC. O apartado céntrase nas obras a desenvolver na pista polideportiva, mencionándose as obras a executar na sala polivalente de xeito simplificado. Considérase que o contido garda un escaso desenvolvemento do conxunto das unidades a executar.*

- C) DEPUR GM DESEÑO E OBRA, S.L.: 3,00 PUNTOS.

- *Abórdase a descrición técnica dos traballos ordenados de xeito cronolóxico según as diferentes fases de obra co fin de garantir a coherencia expositiva na totalidade. Para levar a cabo a análise estrutúrase a obra en tres fases: fase 1 de traballos previos demolicións, fase 2 de traballos previos en rampa de acceso*

e traballo en cubertas, fase 3 de albañilería, cerramentos e revestimentos, fase 4 de instalacións, fase 5 de carpinterías, fase 6 de revestimentos e fase 7 de equipamento, limpeza, probas e posta en servizo. Cada unha destas fases está ordenada no tocante os traballos a efectuar e estruturada cun grado elevado de detalle no tocante ós procesos de execución, indicando así mesmo totais comprobacións pertinentes e detalles de execución e construtivos, así como dos diferentes materiais que interveñen nas diferentes fases. Considérase que o apartado se desenvolve cun elevado grado de detalle, coherencia e coñecemento das obras a executar.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,50 PUNTOS

- A proposta estrutúrase cunha descrición xeral dos diferentes traballos a executar e posteriormente estrutúrase en distintas unidades detallando de xeito esquemático e claro cada unha delas. Estas son: cuberta, fachada, carpintería exterior, soleira, particións interiores, carpintería interior, pavimentos, paredes, teitos, instalación eléctrica e alumbrado, equipamento. Cada unha das fases descríbese de xeito claro, definindo máis extensamente aquela que forma parte do pavimento do PVC, na que se achega a ficha técnica do pavimento a instalar, e de iluminación. Considérase que a estrutura sigue o esquema de proxecto pero non se afonda nos aspectos técnicos propios e específicos da execución, botándose en falta un maior grado de detalle.

3.1.d.- Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, eta). Ata 2 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Defínese de xeito esquemático a implantación dos medios auxiliares sobre plano con foto aérea. Considérase unha disposición axeitada pero bótase en falta unha maior definición.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Defínese unha posible implantación de xeito xenérico e efectúase adicionalmente unha análise das necesidades de acopios e a necesidade de planificación da entrada en obra dos distintos materiais. Considérase unha definición aceptable pero insuficiente.

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 0,50 PUNTOS.

- Defínense de xeito exhaustivo os medios auxiliares a empregar pero non se aporta no presente apartado plano de implantación. Considérase por tanto, que este apartado está incompleto.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,50PUNTOS

- Defínese de xeito esquemático a implantación dos medios auxiliares sobre plano con foto aérea. Considérase unha disposición axeitada pero non se define con alto grado de detalle.

3.1.e.- Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 2 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 0,50 PUNTOS.

- Obsérvase que a maioría do traballo a executar na obra se desenvolverá de xeito manual e que a única maquinaria precisa será a de elevación para substitución de luminarias. Considérase que o análise efectuado está definido de xeito insuficiente.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non se define o presente apartado de xeito específico.

- C) *DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 1,50 PUNTOS.*

- *Detállase sobre plano de xeito completo tanto zona de acopios, como control de accesos, vestiarios, oficina, sinalética, vallado da zona de aceos diferenciando plano de implantación exterior e implantación interior, así como defínese de xeito gráfico os medios auxiliares a empregar en cada espazo, definíndose así mesmo as liñas de circulación tanto de acopios como de xestión de residuos. Considérase que a análise está presentada de forma axeitada pero bótase en falta un maior detalle no tocante ós fluxos de circulación durante a execución da obra.*

- D) *URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,00 PUNTOS*

- *Achégase plano de circulación esquemático sen especificar ou aclarar o movemento da maquinaria específica. Considérase, por tanto, axeitado pero insuficiente.*

3.2 ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (De 0 a 12 puntos).

3.2.a.- Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostíbeis, reciclados ou reciclables: Ata 2 puntos

A) *SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,00 PUNTOS.*

- *Detállanse e identifícanse as diferentes unidades de obra susceptibles de xerar un impacto ambiental así como a área de afección, así como as medidas a adoptar e medidas de mitigación. Considérase que o apartado está correctamente detallado e adecúase ó contido indicado; sen embargo bótase en falta a definición no tocante ós “materiais de explotación sostíbeis, reciclados ou reciclables”, polo que se considera que o apartado está incompleto nese aspecto.*

- B) *NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.*

- *Non se responde ó presente apartado.*

- C) *DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 2,00 PUNTOS.*

- *Defínense de xeito exhaustivo as unidades de obra que poden xerar impactos, identificándoas e especificando tanto os impactos potenciais como as medidas de eliminación, diminución ou corrección de cada unha destas unidades. Adicionalmente faise unha análise detallada das emisións e actividades que as xeran e especificanse diferentes medidas paliativas. Como medidas específicas desta obra en concreto obsérvanse una serie de medidas de índole particular. Paralelamente, faise unha análise sobre os materiais propostos en proxecto e os certificados de sostibilidade, reciclados ou reciclables, identificando aqueles materiais para os que se esixe dito distintivo como por exemplo ó pavimento de PVC a instalar, ó pavimento vinílico ou as luminarias a instalar e detállase o uso de materiais adicionais que se fabriquen baixo criterios de sostibilidade. Considérase que o apartado está completamente definido e conta con un grado elevado de detalle.*

- D) *URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,00 PUNTOS*

- *Analízanse os residuos xerados conforme ó descrito na memoria de xestión de residuos achegada ó proxecto e en base ó exposto analízanse as medidas previstas de clasificación/selección in situ, previsión de operacións de reutilización en obra e operacións de valoración in situ, así como residuos que precisarán de tratamento en planta autorizada. Adicionalmente faise unha análise dos certificados de adecuación ambiental de materiais e produtos a utilizar con certificado ecolóxico e defínense un par de materiais reciclados ou reciclables a empregar en obra. Considérase que o enfoque do apartado é aceptable pero bótase en falta unha maior definición e concreción con respecto ós materiais a empregar en obra.*

3.2.b.- Organización física da obra: Ata 2 puntos

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Detállase de xeito esquemático a organización da obra propoñendo a execución dun plan de ocupación previo inicio dos traballos e definindo as diferentes zonas de instalacións, vallado así como unha serie de actuacións que palién ou minimicen o impacto dos residuos acopiados ata a súa xestión. Tamén se indica a necesidade de sinalización e definición dos accesos. Considérase que o apartado é aceptable pero insuficiente no tocante á definición concreta desta obra.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non se responde ó presente apartado.

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Achégase plano detallado que define o emplazamento e organización dos residuos e materiais durante os traballos. Considérase que o plano é suficientemente claro e explicativo e define o contido esixido de forma axeitada pero bótase en falta un maior grado de detalle.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,00 PUNTOS

- Descríbese e detállase a ubicación das zonas auxiliares, dos contenedores e residuos (definindo o volumen dos mesmos) e o acopio de materiais, así mesmo defínese como se levará a cabo o acceso e o percorrido ata as instalacións auxiliares e zonas de aparcamento. Considérase que o apartado é aceptable pero insuficiente no tocante á definición concreta desta obra.

3.2.c.- A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: Ata 3 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- No presente apartado defínense os residuos que se xerarán en obra e os criterios para a súa xestión destacando que a valorización será sempre a primeira opción de cara a súa xestión. A maiores defínense os puntos limpios e as actuacións a seguir cos residuos peligrosos. Considérase que o apartado se resolve de forma axeitada pero bótase en falta unha maior concreción con respecto ó tipo de residuos xerados no caso concreto desta obra.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non se responde ó presente apartado.

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Procédese a identificar os residuos xerados en obra e identifícase tanto o código LER que lle corresponde a cada un así como a cantidade e volumen estimado. Considérase que o apartado se resolve de forma axeitada pero bótase en falta unha maior concreción con respecto á xestión dos diferentes residuos xerados no caso concreto desta obra.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 0,75 PUNTOS

- Apórtanse táboas de control de saída de residuos de obra, albarán de retirada de xestión de residuos non perigosos e táboas de identificación do xestor, do transporte e do residuo. Considérase que o apartado ten un escaso desenvolvemento.

3.2.d.- Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 2 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non se responde ó presente apartado.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00PUNTOS.

- Non se responde ó presente apartado.

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 2,00 PUNTOS.

- Defínense e detallanse as diferentes formas de tratamento propostas. Para elo identifícanse os diferentes materiais empregados en obra, o seu código LER, a súa condición como “contaminante ou non contaminante”, os elementos construtivos de orixe, a xestión selectiva detallada, o destino ou valorización e as observacións consideracións adicionais. Adicionalmente dentro dos “residuos líquidos”analízase a xestión das augas de limpeza e maquinaria, as augas de chuvia e bombeo e a prevención de verquidos accidentais. Considérase que o presente apartado se define cun alto grado de detalle adecuándose ó contido proposto.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,00 PUNTOS

- Achégase esquema con medidas de operación previstas: segregación in situ, previsión de operación de reutilización na mesma obra ou emplacements externos e operacións de valorización in situ. Considérase que o apartado se responde de xeito aceptable pero insuficiente ó non responder de xeito completo ó contido do apartado.

3.2.e.- Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 0,50 PUNTOS.

- Defínese o organigrama que se propón como control e calidade que permita a verificación das certificacións ambientais de tódolos materiais utilizados en obra definíndo a presenza dun asesor e un xefe de medioambiente. Considérase que o apartado non ten o un suficiente desenvolvemente con respecto ó contido esixido.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non se responde ó presente apartado.

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Efectúase a xustificación medioambiental dos materiais a empregar detallando os mesmos dentro das diferentes unidades de obra nas que se identifica tanto materiais principais como a xustificación medioambiental de cada tipo de material. Considérase que a proposta está presentada de xeito xeral de forma axeitada pero insuficiente.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,50 PUNTOS

- Co fin de proceder á xustificación ambiental dos materiais a empregar en obra apórtanse os certificados de aprobación e de medioambiente dos distintos provedores. En concreto achégase certificado do pavimento de PVC definido en proxecto así como do pavimento laminado. Considérase que o enfoque é axeitado pero o apartado non se define de xeito completo.

3.2.f.- Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. Ata 1 punto.

A) SOTEGA NOROESTE, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Identifícanse os vertedoiros e centros de xestión de residuos, definíndose os mesmos de xeito explícito. Considérase que o apartado está completo e adáptase ó contido indicado.

- B) NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non se responde ó presente apartado.

- C) DEPUR GM DISEÑO E OBRA, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Identifícanse os vertedoiros e centros de xestión de residuos, definíndose os mesmos de xeito explícito. Considérase que o apartado está completo e adáptase ó contido indicado.

- D) URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.: 1,00 PUNTOS

- Identifícanse os vertedoiros e centros de xestión de residuos, definíndose os mesmos de xeito explícito. Considérase que o apartado está completo e adáptase ó contido indicado.

4.- TABLA RESUMEN DE PUNTUACIONES:

Trala valoración efectuada e descrita no seguinte apartado achégase a puntuación total:

APARTADO		PUNTUACIÓN PCAP	SOTEGA NOROEST E SL	NATURE INFRAES TRUCTU RAS Y SERVICI OS SL	DEPUR GM DESEÑO E OBRA SL	URBANI SMO TÉCNIC O SOSTE NIBLE SL
1.- ANÁLISE DO PROXECTO E DA EXECUCIÓN DAS OBRAS (de 0 a 13 puntos)	1.1- RELACIÓN DE FONTES DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS, VALIDACIÓN DESTAS, NO SEU CASO, E ANÁLISE DAS NECESIDADES DE ALMACENAMENTO E DE INSTALACIÓN AUXILIARES. DEBENDO QUEDAR ACREDITADO MEDIANTE COMPROMISOS ASINADOS POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS, NOS QUE SE CITE O NOME DESTA OBRA,	3	0,75	0,75	2,25	3,00
	1.2.- ANÁLISE CORRECTA DE POSIBLES AFECCIÓNIS Ó TERRITORIO, SERVIZOS PREEXISTENTES OU PERSOAS	3	1,50	1,50	3,00	1,50
	1.3.- DESCRICIÓN TÉCNICA ADECUADA DOS TRABALLOS A REALIZAR	3	1,50	0,75	3,00	1,50
	1.4.- DISPOSICIÓN AXEITADA DE ELEMENTOS AUXILIARES NA	2	1,00	1,00	0,50	1,50

	PARCELA OU BORDO DA ESTRADA (CASETAS DE OBRA, GUINDASTRES, CONTEDORES, MAQUINARIA...etc)					
	1.5.- CIRCULACIÓN APROPIADA DE PERSOAL E MAQUINARIA POLA OBRA	2	0,50	0,00	1,50	1,00
2.- ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 12 puntos)	1.1.- IDENTIFICACIÓN DAS UNIDADES DE OBRA E PROCESOS CONSTRUTIVOS QUE POIDAN XERAR IMPACTOS, AS MEDIAS A ADOPTAR PARA A SÚA ELIMINACIÓN, DIMINUCIÓN OU CORRECCIÓN, ASÍ COMO O EMPREGO DE MATERIAIS CON CERTIFICADOS DE EXPLOTACIÓN SOTIBLES, RECICLADOS OU RECICLABLES.	2	1,00	0,00	2,00	1,00
	1.2.- ORGANIZACIÓN FÍSICA DA OBRA	2	1,00	0,00	1,50	1,00
	1.3.- A AVALIACIÓN E A XESTIÓN DOS RESIDUOS XERADOS DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA	3	1,50	0,00	1,50	0,75
	1.4.- ADECUACIÓN DAS MEDIAS DE RECICLAXE DE RESIDUOS SÓLIDOS E LÍQUIDOS	2	0,00	0,00	2,00	1,00
	1.5.- XUSTIFICACIÓN DE CERTIFICACIÓN AMBIENTAL DOS MATERIAIS A EMPREGAR	2	0,50	0,00	1,00	1,50
	1.6.- DESCRIPCIÓN AXEITADA DOS VERTEDOIROS E CENTROS DE XESTIÓN DE RESIDUOS	1	1,00	0,00	1,00	1,00
	PUNTUACIÓN TOTAL	25	10,25	4,00	19,25	14,75

De lo que informo para su conocimiento y efectos, en Lalín, a fecha de firma digital.”

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE A da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE A Xuízos de Valor
Depur GM Deseño e Obra S.L. (B94135654)	19,25
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L (B36431021)	04,00
SOTEGA NOROESTE SL (B36518231)	10,25

URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)**14,75**

A 29 de xullo de 2025, cando son as 9:50, celébrase a apertura do contido do SOBRE B, oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes.

Tras comprobar a documentación aportada polos licitadores obsérvanse eivas que poden ser obxecto de enmenda.

En concreto, a mercantil **Depur GM Deseño e Obra S.L.**, non aporta, salvo erro, o **Anexo IV** do PCAP debidamente asinado.

Consta no **Anexo III** que **SÍ** oferta as melloras, pero a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda requirir a **Depur GM Deseño e Obra S.L.** o **Anexo IV-Melloras** do PCAP debidamente asinado, outorgándolle para isto un prazo de 3 días hábiles. (Requirimento con rexistro de saída nº 2025-S-RE-993).

A empresa **Depur GM Deseño e Obra S.L.**, aporta o **Anexo IV** do PCAP debidamente asinado (Rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1412).

A mesa de contratación procede a realizar a avaliación das ofertas económicas nunha nova sesión celebrada o 04 de agosto.

Valoradas as ofertas económicas tras a aplicación dos criterios e fórmulas que se recollen nos Pregos, advírtese que unha das ofertas presentadas incorre en **BAIXA TEMERARIA** polo que, en virtude do recollido na cláusula 11 do Anexo I do PCAP e na lexislación vixente en materia de contratación, a Mesa, por unanimidade dos seus membros, acodou requirir a **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, para que no prazo de 3 **DÍAS HÁBILES** xustifícase a baixa temeraria desagregando razoada e detalladamente o baixo nivel da súa oferta mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos (Requirimento con rexistro de saída nº 2025-S-RE-1021). O requirimento transcribese a continuación:

“Considerando que, mediante Resolución da Alcaldía nº 2025-0520, de data 16 de xuño de 2025, se procedeu a aprobar o expediente de contratación da obra denominada “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA”, nos termos dos artigos 116 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, convocando o correspondente procedemento aberto.

Atendido a que, de conformidade co previsto no artigo 150.2, a Mesa de Contratación procedeu a realizar as actuacións previstas legalmente.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o 29 de xullo de 2025 procede a lectura das ofertas económicas presentadas, e tras a valoración realizada, aplicando os criterios e as fórmulas que se recollen nos Pregos, advírtese que unha das ofertas presentadas incorre en **BAIXA TEMERARIA** polo que, en virtude do recollido na cláusula 11 do Anexo I do PCAP e na lexislación vixente en materia de contratación, a Mesa, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Requirir a **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, para que no prazo de 3 **DÍAS HÁBILES** xustifique a baixa temeraria desagregando razoada e detalladamente o baixo nivel da súa oferta mediante a

presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.”

Manuel Alonso González, representante de SOTEGA NOROESTE SL- B36518231, achega intancia xeral mediante rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1464, no que se recolle coma única xustificación da baixa temeraria o seguinte “En relación áo requeremento para a xustificación da baixa temeraria do día 4 de agosto de 2025, confirmar que nos reiteramos na oferta presentada; xa que en base a experiencia profesional e os prezos de mercado que se manexan, así como de produtos alternativos aos do proxecto; considramola perfectamente viable.”.

Os membros da mesa de contratación, ante o escrito remitido polo licitador, recomendan a solicitude dun informe á redactora do proxecto, para que proceda a avaliar se a xustificación da baixa temeraria presentada pola mercantil SOTEGA NOROESTE S.L. se consideraría suficiente. Requirimento que se fai efectivo o 11 de setembro de 2025, rexistro de saída nº 2025-S-RE-1198.

A redactora do proxecto, Dona Marlene Pérez Sánchez, presenta ese mesmo 11 de setembro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1668) o informe solicitado que se transcribe a continuación:

“INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DE BAIXA TEMERARIA

A que suscribe, D^a. Marlene Pérez Sánchez, arquitecta Colexiada Nº 4952 do C.O.A.G., en calidade de técnico autora do “PROXECTO DE REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA” que serve de base para as obras licitadas (EXPTE: 590/2025) e tras ser requirida pola mesa de contratación para a valoración da xustificación presentada respecto a BAIXA TEMERARIA da oferta feita pola empresa SOTEGA NOROESTE, S.L. emito o presente INFORME:

Antecedentes:

Con data 29 de xullo de 2025 a Mesa de Contratación require, trala revisión das ofertas económicas, a xustificación da BAIXA TEMERARIA da oferta presentada pola empresa SOTEGA NOROESTE, S.L. nos seguintes termos:

*“Requirir a SOTEGA NOROESTE SL- B36518231, para que no prazo de 3 DÍAS HÁBILES xustifique a baixa temeraria **desagregando razoada e detalladamente** o baixo nivel da súa oferta **mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.**”*

Tras este requerimento, a empresa SOTEGA NOROESTE S.L. presenta por Rexistro de Entrada 2025-E-RE-1464, un escrito co seguinte e único contido:

“En relación áo requeremento para a xustificación da baixa temeraria do día 4 de agosto de 2025, confirmar que nos reiteramos na oferta presentada; xa que en base a experiencia profesional e os prezos de mercado que se manexan, así como de produtos alternativos aos do proxecto; considramola perfectamente viable.”

En base ó exposto obsérvase que o escrito presentado pola empresa SOTEGA NOROESTE S.L. non xustifica desagregando razoada e detalladamente a BAIXA TEMERARIA da oferta presentada, tal como requiriu a Mesa de Contratación trala sesión celebrada o 29 de xuño de 2025, nin aporta información ou documentos que permitan valorar dita oferta.

Polo tanto, considérase que o escrito presentado non xustifica suficientemente a BAIXA TEMERARIA da oferta presentada.”

Como recolle o **artigo 149.4** de Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP):

«Cando a mesa de contratación, ou na súa falta o órgano de contratación houber identificado unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as presentaron dándolles prazo suficiente para que **xustifiquen e desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidad da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos**».

A propia lexislación non determina ningún medio ou dato específico en base ao cal o licitador afectado debe xustificar os valores anormais da súa oferta, utilizando incluso a expresión tan ampla como **«información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos»**; por tanto, trataríase dun numerus apertus de información e documentos que poden esixirse ao licitador afectado para que xustifique a viabilidade da súa oferta.

O parágrafo terceiro deste **artigo 149.4** da LCSP contén unha concreción de xustificación de determinadas condicións da oferta que fan que a súa oferta presente ese baixo nivel do prezo ou custos da mesma:

«Concretamente, a mesa de contratación ou na súa falta o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado».

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), na súa Resolución 863/2017, de 3 de outubro de 2017, Recurso nº 783/2017, afirmou o seguinte:

“... o Tribunal vén entendendo que a finalidade das Directivas comunitarias sobre contratación pública e a lexislación de contratos do sector público é que se siga un procedemento contradictorio, para evitar rexeitaras ofertas con valores anormais ou desproporcionados sen explicar antes de forma satisfactoria o baixo nivel de prezos ou de custos propostos e que, por tanto, é susceptible de normal cumprimento nos seus propios termos. Non se trata de xustificar exhaustivamente a oferta desproporcionada, senón de dar explicacións que xustifiquen de forma satisfactoria o citado baixo nivel de prezos ou de custos propostos, por tanto, despexen a presunción inicial de anormalidad da baixa ofertada, de forma que permitan ao órgano de contratación chegar á convicción de que se pode cumprir normalmente a oferta nos seus propios

termos. E obviamente, tales argumentos ou xustificacións deberán ser, no seu caso, máis profundos, sólidos, detallados ou extensos canto maior sexa a anormalidade da baixa. A decisión sobre aceptación ou non da oferta debe atender aos elementos da proposición e á valoración das alegacións do contratista e as concretas circunstancias da empresa licitadora”.

Polo exposto, tendo en conta o seguinte:

-que no requirimento á empresa licitadora **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, se lle outorgaba un prazo de 3 días hábiles, para que **xustifícase a baixa temeraria desagregando razoada e detalladamente o baixo nivel da súa oferta mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos**,

-que a resposta ó requirimento por parte da empresa foi “En relación ao requirimento para a xustificación da baixa temeraria do día 4 de agosto de 2025, confirmar que nos reiteramos na oferta presentada; xa que en base a experiencia profesional e os prezos de mercado que se manexan, así como de produtos alternativos aos do proxecto; considéramola perfectamente viable.”,

-que o informe remitido pola redactora do proxecto recolle que “considérase que o escrito presentado non xustifica suficientemente a BAIXA TEMERARIA da oferta presentada”,

A Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, propón ó órgano de contratación a **EXCLUSIÓN** da empresa licitadora **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, por considerar que a xustificación da viabilidade da oferta anormal ofrecida pola empresa non ofrece as explicacións que xustifiquen de forma satisfactoria o citado baixo nivel de prezos ou de custos propostos, e, por tanto, non despejan a presunción inicial de anormalidade da baixa ofertada, polo que non permite ao órgano de contratación ter certeza de que a oferta é viable, nin de que se pode cumprir polo contratista.

A Mesa de Contratación, tras a exclusión do licitador SOTEGA NOROESTE SL- B36518231, procede á lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO
Depur GM Deseño e Obra S.L. (B94135654)	97.061,85€	20.382,99€	117.444,84€	25,91
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. (B36431021)	101.700,00€	21.357,00€	123.057,00€	0,80
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)	91.900,00 €	19.299,00€	111.199,00€	53,84

Á puntuación acadada polo prezo ofertado debemos engadir a obtida pola oferta das melloras recollidas nos pregos:

DENOMINACIÓN SOCIAL	MELLORA 1 Sustitución de	MELLORA 2 Mobiliario	PUNTUACIÓN MELLORAS
---------------------	-----------------------------	-------------------------	---------------------

	porterías existentes 14,96 puntos	4,92 puntos	19,88 puntos
Depur GM Deseño e Obra S.L. (B94135654)	SÍ	SÍ	19,88
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. (B36431021)	NON	SÍ	4,92
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)	SÍ	SÍ	19,88

A puntuación total acadada polos licitadores nos criterios avaliados mediante fórmulas é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS
Depur GM Deseño e Obra S.L. (B94135654)	25,91	19,88	45,79
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. (B36431021)	0,80	4,92	5,72
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)	53,84	19,88	73,72

Tendo en conta as puntuacións acadadas nos criterios suxeitos a xuízo de valor as puntuacións finais son as seguintes:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN CRITERIOS SUJEITOS A XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	PUNTUACIÓN TOTAIS
Depur GM Deseño e Obra S.L. (B94135654)	19,25	45,79	65,04
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. (B36431021)	04,00	5,72	09,72
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)	14,75	73,72	88,47

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, na última sesión celebrada acordou o seguinte:

“PRIMEIRO.- Propoñer ó órgano de contratación a **EXCLUSIÓN** da empresa licitadora **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, por considerar que a xustificación da viabilidade da oferta anormalmente baixa que ofrece a empresa non contén as explicacións que xustifiquen de forma satisfactoria o citado baixo nivel de prezos ou de custos propostos.

SEGUNDO.- Clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas:

OR DE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)	88,47
2º	Depur GM Deseño e Obra S.L. (B94135654)	65,04
3º	NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L (B36431021)	09,72

TERCEIRO.- Requirir á licitadora **URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. (B44952430)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra **“REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA”** para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.”

O 30 de setembro de 2025, nº de rexistro de saída 2025-S-RE-1335, realízase un primeiro requirimento da documentación ó licitador que quedou en primeiro lugar. Tras comprobar a documentación, obsérvanse unha serie de eivas emendables, e realízase un segundo requirimento o 13 de outubro de 2025, rexistro de saída 2025-S-RE-1431.

O licitador entrega a documentación solicitada cos seguintes rexistros de entrada nº 2025-E-RE-1832 (07/10/2025) e nº 2025-E-RE-1867 (13/10/2025).

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

PRIMEIRO.- A **EXCLUSIÓN** da empresa licitadora **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, por considerar que a xustificación da viabilidade da oferta anormalmente baixa que ofrece a empresa non contén as explicacións que xustifiquen de forma satisfactoria o citado baixo nivel de prezos ou de custos propostos.

SEGUNDO.- A adxudicación do contrato obras denominado **“REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA (Concello de Silleda)”** a:

-URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con N.I.F. **B44952430**, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 11:30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

O Secretario
David García Lareo

VºBº.
A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe fase D asinado o 14 de outubro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación de **EXCLUIR** á empresa licitadora **SOTEGA NOROESTE SL- B36518231**, por considerar que a xustificación da viabilidade da oferta anormalmente baixa que ofrece a empresa non contén as explicacións que xustifiquen de forma satisfactoria o citado baixo nivel de prezos ou de custos propostos.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e **ADXUDICAR** á licitadora **URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con N.I.F. B44952430**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de obras denominado **“REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA (Concello de Silleda)”** por importe de 91.900,00 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 19.299,00 euros, totalizándose a oferta en 111.199,00 euros.

Comprometéndose a realización das melloras postestativa recollidas no PCAP sobre:

MELLORA 01

Substitución de porterías existentes por xogo de porterías modelo STD SPORT ou equivalente formadas por tubo de aceiro 80x80x2 mm, lacadas con franxas vermellas e brancas segundo regulamento e conforme ás indicacións da normativa europea EN 749 (AENOR), con redes de poliéster 3mm, cor branca; malla 100 e fixadas de forma segura á soleira existente mediante xogo de ancoraxes compostas por rosca macho e femia (M12) con taco químico. Unidades totais 2 vde. a razón de 1.382,12€/vde

MELLORA 02

Colocación de mobiliario para local de usos múltiples que inclúa:

- Espello fixado á parede do local de usos múltiples para a realización de actividades deportivas, de dimensións 3.35x2.35 metros, e 3 mm de espesor, con canteado perimetral e protexido con pintura cor planta na súa cara posterior.
- Dous bancos modelo NORDLI de Ikea ou equivalente, de dimensións 160x54x47 cm. Con catro caixóns con guías ocultas e amortiguador e con patas regulables. Realizado en taboleiros de partículas e acabados con pintura acrílica, segundo a descrición de medicións.
- Tres xogos de colgadoiros ancorados a parede modelo NADUA de Kave Home ou equivalente, realizados en madeira maciza de haxa, con forma circular en distintas dimensións e cores a aлегir pola dirección facultativa. Unidades totais 1 vde. a razón de 909,77€/vde

TERCEIRO.- Dispor o gasto por importe de 111.199,00 euros con cargo á aplicación 342-639 proxecto 2025-06.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de

conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.**, con N.I.F. **B44952430**, adxudicataria do contrato, indicarláselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

QUINTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 1293/2023. Contratacións. REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que en data 18.06.2025 con Rexistro de Entrada n.º 2025-E-RE-1123 por Carlos Presas Lamazares en representación de URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE SL con C.I.F. B44952430 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de obras denominado “REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Visto que con data 19/06/2025 e Rexistro de Saida 2025-S-RE-801, solicítase ó director da mencionada obra, Manuel Abelleira Argibay, informe sobre esta solicitude.

Visto que con data 20/06/2025, Rexistro de Entrada 2025-E-RE-1137, polo director de obra remítese o informe solicitado, no que indica:

“EXPONE

Según requerimiento del 18 de junio de 2025, del Ilmo. Concello de Silleda, sobre la devolución de FIANZA constituída por parte de la empresa URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE SL, como garantía de los trabajos ejecutados.

Se realizan las siguientes apreciaciones:

1ª Con fecha de 16 de mayo de 2024, se firmó el certificado final de obra.

2º Durante estos meses, debido al uso más intensivo de los vestuarios del campo de fútbol con respecto a los vestuarios del pabellón, se produjo un levantamiento parcial de la goma de taco redondo, en el suelo de estos vestuarios.

Incidencia que fue solventada por la empresa constructora la semana pasada.

Salvo esta incidencia no se han producido mayores incidencias en el uso continuado de sendos vestuarios en el año de uso.

3º Se deberá solicitar a la empresa constructora que garantice la ejecución de los trabajos recientemente ejecutados del pavimento de goma en los vestuarios del campo de fútbol, mediante compromiso que asegure su reposición en caso de nuevos desprendimientos, en el plazo de garantía del material.

CONCLUSIÓN

Por lo demás no se observan mayores incidencias, y se puede proceder al levantamiento de la FIANZA, solicitada por la empresa constructora.”

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23 de xuño de 2025 acórdase:

“Primeiro.- Solicitar a Empresa constructora URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE SL, garantía da execución dos traballos recentemente executados no pavimento de gomas nos vestiarios do campo de fútbol mediante compromiso que asegure sua reposición no caso de novos desprendimentos, no prazo de garantía do material.

Segundo.- Unha vez aportado pola Empresa constructora o documento indicado no punto primeiro, procederase a devolución do aval nº 55.814 da entidade Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), polo importe de 4.245,00 €.

Terceiro.- Notificar ao interesado o presente acordo.”

Visto que o mencionado acordo foi notificado a URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE SL, en data 24 de xuño de 2025, mediante escrito con Rexistro de Saída nº 2025-S-RE-815, e recepcionada a notificación o mesmo día 24/06/2025.

Visto que con data 14.10.2025 con Rexistro de Entrada n.º 2025-E-RE-1123 por Carlos Presas Lamazares en representación de URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE SL con C.I.F. B44952430 preséntase escrito adxuntado o compromiso de reparación requerido polo Concello para las obras de “REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do aval nº 55.814 da entidade Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), polo importe de 4.245,00 €, constituido por URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE SL para responder do contrato de obras denominado “REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN

MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE